

# MARINAH

## FUSIÓN

### Artista/banda

MARINAH é o nome artístico co que se presenta Marina Abad, quen fora durante dez anos cantante e principal imaxe da banda catalana Ojos De Brujo, o combo que rompeu fronteiras musicais fusionando a rumba e o flamenco con mil ritmos chegados de aquí e de aló.

Unha vez rematada aquela aventura, que durou dende 1996 ata 2013 e deixou un feixe de luminosos discos e innumerables actuacións dentro e fora das nosas fronteiras, emprendeu unha carreira en solitario, que ata o momento deu como froito dous álbumes, *El baile de las horas* (2013) y *Afrolailo* (2017), ademais de outro longa duración compartido con Chicuelo, *Sintonías* (2015).

Na actualidade continúa a súa aventura sumándose á comunidade do Global Bass, onde se atopa cómoda mesturando elementos folclóricos e música de raíz co son da electrónica actual.

### O espectáculo

O espectáculo está servido: unha mestura sincrética que propicia o baile desaforado e a ledicia en familia. **Marinah** e os seus contiñúan na crista da ola, e por moitos anos.

Cancións alegres que se desenvolven comodamente entre a rumba, o reggae e o flamenco, entre os estilos afros e a música latina, entre Cuba e o hip-hop.

Nesta aventura **Marinah** acopáñase dun montón de colegas e grandes músicos que xa adoitaban acompañala nas súas aventuras anteriores.



### FICHA ARTÍSTICA

Marinah: voz  
Carlos Sarduy: trompeta & teclados  
Pedro Medina: guitarra flamenca  
Jose Montaña: percusión  
Diego Coppinger: bajo & guitarra eléctrica  
TBC: batería

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

